

Cuestionario reflexión Sexo-Xénero.
Preparación-Introducción Simone de Beauvoir

1. Elabora unha lista de cinco adxectivos considerados socialmente como definitorios do feminino e outros dez considerados como propios do masculino. Explica o sentido que se lle acostuma dar a esas palabras referidas ás mulleres e aos homes, respectivamente.
2. ¿Cales son as diferenzas máis destacadas que existen entre os homes e as mulleres? Sinala aquelas diferenzas que teñen unha base biolóxica, anatómica ou sexual. ¿As diferenzas que distinguen a mulleres e a homes teñen un fundamento exclusivamente biolóxico ou dependen da cultura e da sociedade na que viven?, ¿cales son algunhas das diferenzas que teñen unha base social ou cultural?
3. ¿Cales son as profesións habitualmente máis desexadas polos nenos e que profesións prefiren as nenas?, ¿cales cres que poden ser as causas que expliquen esas preferenzas?
4. ¿Con que tipo de xoguetes acostuman agasallar habitualmente as familias aos nenos e ás nenas?, ¿fan as nais e os pais distinción en función do sexo á hora de elixir xoguetes para os seus fillos e as súas fillas?, ¿por que?
5. ¿Que modelo de home e de muller transmítese a través dos anuncios publicitarios ou as redes sociais? Pon algúns exemplos.
6. Na túa casa, ¿quen se ocupa das tarefas do fogar, da atención ás persoas maiores e aos enfermos da casa?, ¿hai un reparto equitativo desas tarefas entre os membros da familia?, ¿por que?
7. ¿Que valoración facedes da presenza de mulleres nos organismos de decisión, tanto na empresa privada como nas institucións públicas?, ¿cres que existe unha igualdade de oportunidades real á hora de acceder a eses postos de responsabilidade?, ¿por que?
8. Socialmente, ¿valórase do mesmo xeito o comportamento afectivo-sexual dun home que o dunha muller?, ¿fanse distincións na valoración desa conduta se o suxeito é home ou se é muller?, ¿por que?